

LA NIÑA DE LA CABRA 1498

Ana Asensio, 2025

ESTREA EN NUMAX: 11.05.2025 | V.O. | +7 | 95 min

Madrid, 1988. Elena, unha nena de oito anos, afronta a recente perda da súa avoa mentres se prepara para facer a Primeira Comunión. A súa amizade con Serezade, unha nena xitana que non se separa da súa cabra, lévaa a cuestionarse se realmente o mundo é tal como llo contaron.

«Unha fermosa fábula infantil, un artefacto de tenrura, un vaporoso desfile pola inocencia e unha película fráxil, no mellor sentido do termo»

Matías G. Rebolledo, KINÓTICO



LA NIÑA DE LA CABRA 1498

Ana Asensio, 2025

ESTREA EN NUMAX: 11.05.2025 | V.O. | +7 | 95 min

Madrid, 1988. Elena, unha nena de oito anos, afronta a recente perda da súa avoa mentres se prepara para facer a Primeira Comunión. A súa amizade con Serezade, unha nena xitana que non se separa da súa cabra, lévaa a cuestionarse se realmente o mundo é tal como llo contaron.

«Unha fermosa fábula infantil, un artefacto de tenrura, un vaporoso desfile pola inocencia e unha película fráxil, no mellor sentido do termo»

Matías G. Rebolledo, KINÓTICO



Entrevista con Ana Asensio: «Aprendín a ser máis paciente e menos impulsiva na miña forma de traballar»

Por Fer. S. Carrascosa

La niña de la cabra ten unha forte conexión cos teus recordos de infancia. Como xurdiu a idea da historia e canto hai de autobiográfico na película? Xorde máis de recordos sensoriais e emocionais que de anécdotas autobiográficas específicas. De feito, Elena, o personaxe protagonista, ten moito da Ana de oito anos na súa esencia, con todo as súas circunstancias familiares e a historia é totalmente ficticia.

A película está protagonizada por dúas nenas debutantes. Como foi o proceso de casting e a experiencia de dirixir a Alessandra González e Juncal Fernández? O equipo de dirección de casting fixo un traballo excelente e moi laborioso. As premisas que eu lles dei foi que fosen nenas sen experiencia profesional. Quería nenas con frescura e naturalidade, alleas aos escenarios ou as cámaras. Con isto, o equipo de casting lanzouse ás rúas de todo Madrid capital e arredores. Visitaron colexios, empapelaron Madrid con carteis e mesmo pararon a nenas pola rúa. Recibimos uns seiscentos vídeos, de aí chamamos a casting persoal a trescentas.

Con todo, Alessandra apareceu o terceiro día de casting e eu sentín un frechazo cando a vi. Tan só tiña sete anos e apenas falou, pero os seus ollos dicíano todo. Con Juncal foi xa no vídeo presentación que gravou na súa casa. Aí chamoume moitísimo a atención pola súa enerxía e a forma tan *salerosa* de expresarse. Cando veu ao casting quedounos claro que ela era a Sherezade que buscábamos.

A historia segue unha nena que empeza a cuestionarse o mundo que a rodea. Como equilibraches esa mirada infantil cunha narrativa que tamén atrape ao público adulto? A película navega entre a mirada absolutamente subxectiva de Elena e a do espectador, que ás veces simplemente entretense «espiando» a Elena na súa intimidade. A idea na forma de contar esta historia creo que pode atraer ao público adulto a ese mundo da infancia que todos vivimos dunha ou outra forma.

O feito de que sexa unha película de época creo que axuda a que poida atraer a certas xeracións que foron nenas e nenos nese momento, que viviron en primeira persoa esa España tan particular. En canto ao público máis infantil, penso que verse protagonistas absolutos nunha historia na cal se tenta debullar os conflitos desa idade, sen contalo desde a nostalxia do adulto e tendo en conta a importancia das súas decisións, pode ser algo moi atractivo para eles.

En que aspectos sentes que evolucionaches como directora en *La niña de la cabra* respecto á túa primeira longametraxe, *Most Beautiful Island* (2017)? Aprendín moitísimo dirixindo esta segunda longametraxe. Xa tiña algunhas notas gardadas dos erros cometidos na miña primeira película, para tentar non volver caer neles. Pero con esta longametraxe foi unha aprendizaxe constante. Tiven a oportunidade de traballar cun equipo de profesionais máis grande, con moita máis experiencia, con máis medios e con moito talento que me axudou a entender mellor como facer cinema. Na miña película anterior houbo moita liberdade, experimentación, moito descubrimento e moita suor no proceso. En definitiva, creo que evolucionéi en ser máis paciente, máis comprensiva e algo menos impulsiva na forma de traballar.

Entrevista con Ana Asensio: «Aprendín a ser máis paciente e menos impulsiva na miña forma de traballar»

Por Fer. S. Carrascosa

La niña de la cabra ten unha forte conexión cos teus recordos de infancia. Como xurdiu a idea da historia e canto hai de autobiográfico na película? Xorde máis de recordos sensoriais e emocionais que de anécdotas autobiográficas específicas. De feito, Elena, o personaxe protagonista, ten moito da Ana de oito anos na súa esencia, con todo as súas circunstancias familiares e a historia é totalmente ficticia.

A película está protagonizada por dúas nenas debutantes. Como foi o proceso de casting e a experiencia de dirixir a Alessandra González e Juncal Fernández? O equipo de dirección de casting fixo un traballo excelente e moi laborioso. As premisas que eu lles dei foi que fosen nenas sen experiencia profesional. Quería nenas con frescura e naturalidade, alleas aos escenarios ou as cámaras. Con isto, o equipo de casting lanzouse ás rúas de todo Madrid capital e arredores. Visitaron colexios, empapelaron Madrid con carteis e mesmo pararon a nenas pola rúa. Recibimos uns seiscentos vídeos, de aí chamamos a casting persoal a trescentas.

Con todo, Alessandra apareceu o terceiro día de casting e eu sentín un frechazo cando a vi. Tan só tiña sete anos e apenas falou, pero os seus ollos dicíano todo. Con Juncal foi xa no vídeo presentación que gravou na súa casa. Aí chamoume moitísimo a atención pola súa enerxía e a forma tan *salerosa* de expresarse. Cando veu ao casting quedounos claro que ela era a Sherezade que buscábamos.

A historia segue unha nena que empeza a cuestionarse o mundo que a rodea. Como equilibraches esa mirada infantil cunha narrativa que tamén atrape ao público adulto? A película navega entre a mirada absolutamente subxectiva de Elena e a do espectador, que ás veces simplemente entretense «espiando» a Elena na súa intimidade. A idea na forma de contar esta historia creo que pode atraer ao público adulto a ese mundo da infancia que todos vivimos dunha ou outra forma.

O feito de que sexa unha película de época creo que axuda a que poida atraer a certas xeracións que foron nenas e nenos nese momento, que viviron en primeira persoa esa España tan particular. En canto ao público máis infantil, penso que verse protagonistas absolutos nunha historia na cal se tenta debullar os conflitos desa idade, sen contalo desde a nostalxia do adulto e tendo en conta a importancia das súas decisións, pode ser algo moi atractivo para eles.

En que aspectos sentes que evolucionaches como directora en *La niña de la cabra* respecto á túa primeira longametraxe, *Most Beautiful Island* (2017)? Aprendín moitísimo dirixindo esta segunda longametraxe. Xa tiña algunhas notas gardadas dos erros cometidos na miña primeira película, para tentar non volver caer neles. Pero con esta longametraxe foi unha aprendizaxe constante. Tiven a oportunidade de traballar cun equipo de profesionais máis grande, con moita máis experiencia, con máis medios e con moito talento que me axudou a entender mellor como facer cinema. Na miña película anterior houbo moita liberdade, experimentación, moito descubrimento e moita suor no proceso. En definitiva, creo que evolucionéi en ser máis paciente, máis comprensiva e algo menos impulsiva na forma de traballar.